



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO
E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baldo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.G.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 029/10

9 de marzo de 2010

AUTOCROSS.

Muda a celebración do 7 Autocross o Castro polo 22 Autocross de Santa Comba, ou sexa o vindeiro 27 de marzo celebrarase a primeira proba do Campionato de Galicia da especialidade no circuito de Marlán, da vila de Santa Comba.

AUTOCROSS.

O pasado sábado, día 6 de marzo de 2010, reuníronse no paraxe do Mesón do Vento do Concello de Ordes, nos terreos comprados para facer un novo circuito de Autocross, Rallycross, e Karting, o Alcalde-Presidente Don Manuel Regos, o Presidente da Federación Galega de Automobilismo Don Iván Corral, o Enxeñeiro de Camiños da Federación Galega de Automobilismo Don Pablo López, que fará o proxecto con homologacións (F.I.A./F.I.M.). Asimesmo asistiu Don Manuel Ramos Iglesias, Presidente de Escudería Compostela, Don Sergio Prego, Presidente da Entidade A.C. Ordes, Don Angel Longueira, Presidente da Comisión de Autocross, así como diferentes membros da Corporación Local.

A intención da Comisión Executiva da Federación Galega de Automobilismo, é de facer catro instalacións fixas (unha por provincia), para paliar as deficiencias que temos no eido dos circuitos multifunción/polivalentes.

Na primeira fase farase o circuito de autocross, e o Alcalde de Ordés, apremíanos para inauguralo cunha proba de Autocross nesta tempada. O estudo de implantación xeral será presentado nesta semana, e o proxecto definitivo en trinta días, o cal será presentado en rolda de prensa polo Alcalde, e o Presidente da Federación.

A TELEVISIÓN DO MOTOR.

Xa comenzada a tempada galega de asfalto, nace a primeira experiencia de televisión IP adicada en exclusiva ó mundo do motor.

Creada pola productora galega Panorámica, PlanetaRas.tv é unha televisión dispoñible a través de Internet na que tódolos afeccionados poderán disfrutar dos mellores vídeos do motor as 24 horas do día. Na súa programación inclúense as mellores imaxes de competición, entrevistas, probas de novos modelos, clasificacións, seguridade vial e un sinfín de contidos feitos a medida do público mais xove.

A aposta de www.planetaras.tv chega ó mercado nun momento no que a transferencia de público desde as cadeas tradicionais de televisión cara a rede é constante. Internet é o único medio que consegue aumentalos seus adeptos nun entorno moi pechado de crise xeneralizada no sector dos medios de comunicación, o que lle obrigou, en moitos casos, a renunciar a contidos dos que non obteñan un retorno inmediato en termos de audiencias.

Dende a Federación cédesese gratuitamente os dereitos de imaxe, dos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2010, para apoiar e impulsar esta nova iniciativa que beneficiará enormemente ó deporte do motor de Galicia.

CURUXARALLYE-PISTÓN CUP.

A partir do rallye de Noia 2010, inclusive, os once primeiros clasificados do Trofeo Curuxarallye-Pistón Cup, saíran nas listas de inscritos correlativamente.